

Nº. Ref.: 161 ST 15 Educación

Asunto: Información sobre a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2010-2011.

Estimados/as veciños/as:

Polo presente escrito infórmovos que **o prazo de presentación de solicitudes de admisión**, para o vindeiro curso escolar 2010/11, de alumnado de nova inclusión nos centros docentes sostidos con fondos públicos no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato **será do 1 de marzo ao 31 de marzo de 2010**, ambos os dous inclusive.

Cada solicitante presentará **unha única solicitude**, dirixida á dirección do centro, **no centro que elixa en primeiro lugar**. Na mesma solicitude poderán relacionarse ata seis centros, por orde de preferencia, que serán considerados posteriormente, no caso de que o interesado ou interesada non se admita no centro ao que vai dirixida a solicitude. A dita solicitude poderase recoller no centro docente elixido ou na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Do **1 de abril ao 20 de abril de 2010**, ambos os dous inclusive, as direccións dos centros abrirán un prazo para presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados polos solicitantes para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, naqueles centros onde exista máis demanda que oferta de postos escolares.

Do **20 de xuño ao 30 de xuño de 2010**, será o prazo de formalización de matrícula para o alumnado admitido en cada centro de educación infantil e primaria.

Achegamos, no **anexo I** os criterios de puntuación para a admisión de alumnado e no **anexo II** a relación de centros docentes públicos do municipio de Cambre.

No caso de que necesitedes o certificado do Padrón municipal do voso fillo/a (onde figuren todos os membros da unidade familiar), deberedes solicitalo no rexistro de entrada municipal do Concello de Cambre e recollelo pasados uns días previo pago da tarifa de **dous euros** pola expedición de certificado de empadramento segundo a ordenanza fiscal nº6: “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de Documentos Administrativos”.

De todas formas, para calquera dúbida podedes dirixirvos ao centro docente que vos interese, á Concellería de Educación do Concello de Cambre ou consultar o regulamento para a admisión do alumnado na Orde do 17 de marzo de 2007 publicada no DOGA nº 55, de 19 de marzo de 2007.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo.

Jaime López Lisnier
Concelleiro da Área de Economía, Facenda, Educación e Deportes
Cambre, 18 de febreiro de 2010.